

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

ÍNDICE.

- 1. Xustificación baseada no contexto.**
- 2. Identificación e valoración das necesidades.**
- 3. Determinación dos obxectivos.**
- 4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.**
- 5. Determinación dos criterios para a organización, optimización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.**
- 6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro**
- 7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscripción.**
- 8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ó centro.**
- 9. Protocolos para solicitude e/ou autorización das medidas ordinarias e extraordinarias.**
- 10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.**
- 11. Plan de acollida para o alumnado procedente do estranxeiro.**
- 12. Plan de acollida para o alumnado ucraniano.**
- 13. ANEXOS.**

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O Plan xeral de atención a diversidade representa o deseño e a organización do CEIP Sagrada Familia, dentro da súa autonomía e segundo as características, para atender, considerando os principios de equidade e inclusión, a totalidade do seu alumnado. Ten como obxectivo fundamental planificar ás medidas educativas que poidan dar resposta ás necesidades que presentan os alumnos do centro, e en especial os que presentan necesidades específicas de apoio educativo de modo individualizado.

O DECRETO 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, no seu artigo 10 indica que o Plan Xeral de Atención á Diversidade é un documento no que se articula a atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da Ley orgánica 2/2002, de 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse tódalas actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

No tocante ás circunstancias concretas do noso centro cómpre sinalar as seguintes características:

1. Xustificación baseada no contexto:

No noso centro a realidade educativa é diversa porque a realidade social, económica e cultura na que se atopa tamén o é. Detectamos últimamente un aumento de alumnado con NEAE, o cal vai a requirir uns medios materiais e humanos específicos para garantir un bo resultado no seu desenvolvemento.

Entre estas necesidades destacamos as seguintes:

- Hai alumnos que seguen o currículo ordinario.
- Alumnos que poden presentar dificultades en momentos puntuais por razóns persoais, hábitos ou coñecementos non adquiridos.
- Alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe (lecto-escritura, cálculo, linguaxe oral...)

- Alumnado con NEAE con discapacidade psíquica e sensorial.
- Alumnado con NEAE que presenta TDAH e/ou TEA.
- Alumnado con DEA: presenta discalculia, disgrafía, disortografía, dislexia entre outras.
- Alumnado con trastornos na linguaxe e casos de mutismo selectivo.
- Alumnado con trastornos de comunicación.
- Alumnado con dificultades de comprensión.
- Alumnado que presenta desfase curricular.
- Alumnado con risco de exclusión social ou vulnerabilidade socioeducativa.
- Alumnado con medidas de protección e tutela e alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
- Alumnado con alto grado de absentismo escolar.
- Alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.
- Alumnado de incorporación tardía ó sistema educativo galego, con descoñecemento das linguas oficiais e, en moitas ocasións sen escolarización no seu país de orixe e/ou con importante desfase curricular.

Recursos profesionais:

Para a atención deste alumnado o DO conta cos seguintes profesionais:

Profesorado titor/a.

Profesorado especialista en música, inglés, educación física, relixión católica e evanxélica.

Profesorado de apoio especializado: 2 especialistas de PT, 2 especialistas de AL, 1 especialista de PT asignada a unha praza de atención preferente.

Auxiliares Técnico Educativos, contamos con 2 a tempo completo no centro.

Contamos cunha xefa do Departamento de Orientación a tempo completo no centro.

2. Identificación e valoración de necesidades.

A atención a diversidade do alumnado é responsabilidade de todo o profesorado do centro. Todos están implicados aportando a súa visión e capacitación profesional. Dar resposta ás diferenzas individuais implica a coordinación de todos os recursos humanos existentes no centro.

O profesorado debe realizar as tarefas de prevención, detección, valoración, atención e seguimento do alumnado con dificultades.

Cando a persoa titor ou a titora detecte unha necesidade a derivará ao Departamento de Orientación e a xefatura do departamento realizará unha avaliación psicopedagóxica e un informe do alumno coas medidas de atención específicas que necesite en función das necesidades detectadas. Estas medidas serán comunicadas ao titor e á familias. En ocasións serán as familias as que soliciten avaliación psicopedagóxica, comunicárase aos titores e titoras este feito e procederase a avaliación.

Toda intervención educativa estará baseada nos principios de inclusión e normalización.

A identificación e valoración das necesidades debe ser entendida como un proceso continuo que implica diversas actuacións: recollida de información, valoración da información e toma de decisións co obxectivo de propiciar a mellora do proceso educativo.

Neste proceso inclúese a toda a comunidade educativa.

Ao inicio de cada curso escolar, o Departamento de Orientación elaborará a concreción deste Plan de Atención á Diversidade que será enviado ao equipo directivo para a súa inclusión na Programación Xeral Anual.

En relación ós alumnos con NEAE:

- Seguirase os criterios establecidos na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei

Orgánica 2/2006 do 3 de maio , de educación, atendendo ás prioridades establecidas no artigo 6 da citada orde.

- O Departamento de Orientación encargárase de velar polo Plan de Atención á Diversidade e fará a Concreción Anual onde se especificarán os obxectivos específicos que se considere.
- O Departamento de Orientación organizará a atención do alumnado con NEAE en función do establecido no informe psicopedagóxico de cada alumno/a e polo EOE en caso de intervención do mesmo.
- Non se atenderá a ningún alumno/a que non teña previamente informe psicopedagóxico é dicir que estea valorado pola xefatura do DO.
- Cando un alumno/a precise a atención polos especialistas PT ou AL, a familia ou representante legal deberá asinar o seu consentimento.
- No caso de que un alumno sexa atendido polos especialistas de PT e AL e non asista por causas inxustificadas de maneira reiterada reducirase a súa atención a 1 sesión.
- No caso de que un alumno/a que sexa atendido polos especialistas de PT ou AL e non asista ao centro por causas xustificadas, comunicárase ao Departamento de Orientación e o apoio poderase reasignar a outro alumnado, durante ese período de non asistencia, segundo as necesidades existentes.
- Cando un alumno que recibe sesións de PT/AL ausentárase por un período prolongado de tempo debido a un viaxe ou unha enfermidade, as sesións que viña recibindo serán redistribuídas entre outros alumnos/as atendidos polos especialistas (en función das súas necesidades). Á volta do alumno, o horario volverá á normalidade.
- Cando un alumno teña aberto un protocolo de absentismo, manteranse as sesións que tiña concedidas ata que non sexa tramitado e enviado a Inspección/Concello.

Cando o expediente de absentismo estea finalizado e tramitado, o alumno perderá as sesións do especialista de PT/AL; podendo optar aos apoios docentes do seu grupo (se os hai).

- A atención será preferiblemente na aula ordinaria, a excepción das sesións de AL, e polo tempo establecido ao comezo da intervención co correspondente permiso dos pais, nais, representantes legais por escrito .A atención fóra da aula non poderá ser superior en todo caso a un terzo da xornada lectiva.
- Cando un alumno/a matriculado no centro sexa usuario dunha entidade con convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, poderase intercambiar información. Se o alumno/a acude a entidades que non teñan convenio coa Xunta de Galicia necesitarase consentimento expreso da familia.
- Se un alumno/a matriculado no centro ten unha educación combinada cun centro de educación especial manterase unha comunicación necesaria para a atención ao desenvolvemento curricular e emocional do alumno/a a través da Xefa do Departamento de Orientación.
- A reunión e acordos coas familias do alumnado NEAE comunicárase á Xefa do DO.
- Os informes que soliciten as familias do alumnado NEAE serán comunicados a Xefa do DO e unha copia permanecerá no DO e outra no expediente académico. Solicitaranse en secretaría por escrito.
- Os diferentes profesionais que traballen co alumnado NEAE terán que coordinarse para non solaparse nos seus obxectivos realizar ao final de curso facer un informe final sobre a evolución do alumnado.

3. Determinación dos obxectivos.

O plan xeral de atención á diversidade tenderá entre outros a acadar os seguintes obxectivos:

- Facilitar e promover a inclusión escolar e social do noso alumnado.

- Favorecer o desenvolvemento dun sentimento apropiado de autoestima no alumnado.
- Acadar un nivel axeitado no desenvolvemento psicossocial.
- Contribuír á personalización da educación axustando a resposta educativa ás necesidades do alumnado.
- Detectar posibles dificultades de aprendizaxe e artellar respostas axeitadas.
- Favorecer o axuste das programacións ás necesidades educativas detectadas.
- Coordinar as respostas educativas e o proceso da avaliación das mesmas.
- Establecer relacións fluídas de colaboración coas familias asesorándoas no seu labor educativo.
- Propiciar as relacións co entorno sociocomunitario para promover actuacións conxuntas que favorezan o desenvolvemento do noso alumnado.
- Prestar apoio, asesoramento e coidado do benestar emocional da totalidade da comunidade educativa, en base á actual situación.
- Prestar apoio continuo ao ámbito educativo nas novas necesidades que poidese xerar un novo proceso de ensinanza e aprendizaxe a distancia.
- Planificar, diseñar e implementar programas que potencien o desenvolvemento emocional e persoal do alumnado mediante actividades de acollida.
- Participar na toma de decisións do diseño e programación de medidas organizativas e curriculares.
- Colaborar e asesorar ao profesorado na revisión e adaptación dos currículos e as programacións didácticas das ensinanzas correspondentes, coa finalidade de identificar as aprendizaxes e competencias consideradas imprescindibles.

Estes obxectivos serán revisados e actualizados cada curso no presente documento de concreción anual deste Plan.

4. Descripción das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.

Prioritariamente porase en práctica medidas con finalidade preventiva. Entre estas medidas debe considerarse a identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, coa correspondente valoración, acreditación e resposta educativa.

A resposta educativa do alumnado e a correspondente intervención realizarase desde un enfoque multidisciplinar e interinstitucional.

A avaliación inicial constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específica de apoio educativo. Esta avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Esta avaliación será realizada polo equipo docente baixo a coordinación do profesor/a titor/a.

Con respecto a avaliación psicopedagóxica seguirase o establecido pola orde 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A finalidade da avaliación psicopedagóxica é a identificación e a acreditación do desenvolvemento persoal e social, das competencias adquiridas e das necesidades educativas que poidan presentar determinados alumnos/as, para poder fundamentar e concretar as propostas e as decisións sobre a resposta educativa que cumpra adoptar en relación con aspectos como a modalidade de escolarización máis axeitada, a determinación dos recursos e dos apoios específicos necesarios, a proposta de medidas de atención á diversidade, a orientación educativa e profesional, e calquera outro favorecedor do desenvolvemento harmónico dese alumnado.

A competencia e responsabilidade da avaliación psicopedagóxica do alumnado é da xefatura do departamento de orientación do centro coa colaboración e o asesoramento, de ser necesario, do equipo de orientación específico correspondente como establece o artigo 14 da Orde citada.



A avaliación psicopedagóxica do alumnado levarase a cabo cando concorran algunhas das seguintes situacións, establecidas no artigo 15 da orde citada:

- a) Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o seu desenvolvemento xeral, así como a súa aprendizaxe; igualmente, se existen indicios de altas capacidade intelectuais.
- b) Os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación.
- c) Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que require, previamente, esa avaliación
- d) Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.
- e) Tamén se realizará a avaliación psicopedagóxica, por circunstancias excepcionais, o demande a Administración educativa.

Para a solicitude dunha avaliación psicopedagóxica, seguirase o establecido no artigo 16 da presente orde, con carácter xeral, correspóndelle ao profesorado/a titor/a, cando se cumpra algunha das situacións descritas no apartado anterior e de acordo co correspondente protocolo de demanda, realizar a solicitude de avaliación á xefatura do departamento de orientación

Nos casos de alumnado en proceso de admisión nun centro docente que requira unha avaliación psicopedagóxica, será a dirección de dito centro quen a demande á xefa do departamento de orientación e, no caso de alumnado matriculado noutro centro solicitarase a información necesaria á xefatura do departamento de orientación do centro de procedencia.

En determinadas circunstancias, a solicitude de demanda de avaliación psicopedagóxica dunha alumna ou dun alumno poderá proceder da Administración educativa, da propia xefatura do departamento de orientación ou das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado. Esas circunstancias deberán acreditarse no protocolo de demanda e no informe psicopedagóxico correspondente

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado deberán ser informadas da realización da avaliación psicopedagóxica, así como da súa finalidade, dos resultados e das posibles orientacións ou propostas de actuación. Destas informacións quedará constancia por escrito.

Con carácter xeral, a avaliación psicopedagóxica iniciárase a partir dun protocolo de demanda que constará de permiso por escrito dos pais, das nais ou persoas titoras legais do alumno/a e documento informativo do titor/a sobre a dificultade detectada.

Anexo 1. Solicitude de intervención por parte do titor/a.

Anexo 2 Permiso por escrito da familia ou titores legais para realizar a avaliación psicopedagóxica.

Como establece o artigo 17, no proceso de avaliación psicopedagóxica obterase información, cando menos sobre aspectos do alumno ou alumna, contexto escolar e contexto sociofamiliar. A partir desa información, a persoa responsable da avaliación psicopedagóxica deberá concluír se se trata dunha alumna ou dun alumno con necesidade específica de apoio educativo, e especificar o tipo de necesidade específica de apoio educativo que presenta.

Corresponde ao equipo docente, coordinado polo profesorado titor, achegar á xefatura do departamento de orientación información sobre a competencia adquirida respecto do currículo de referencia, a colaboración da familia, a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, a actitude ante as propostas de aprendizaxe, o compromiso coas tarefas encomendadas e as medidas de atención á diversidade adoptadas.

A persoa responsable de realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado poderá requirir as achegas doutro persoal que atenda a alumna ou o alumno no propio centro docente, as das nais, pais ou persoas titoras legais e, de ser o caso, as persoas profesionais que interveñen na súa atención integral.

O informe psicopedagóxico como establece o artigo 20 da ORDE do 8 de setembro de 2021, constitúe o documento en que se recollen os resultados e as conclusións da avaliación psicopedagóxica. Nel deberán constar, do xeito máis completo posible, a situación evolutiva e educativa da alumna ou do alumno, a concreción e a valoración do

tipo de necesidade específica de apoio educativo que presenta, as orientación e as propostas organizativas e curriculares, as axudas e os recursos necesarios, o procedemento para a revisión e a actualización do informe, e cantas outras orientacións se consideren oportunas.

A elaboración do informe psicopedagóxico compete á xefatura do departamento de orientación do centro docente en que estea matriculado o alumno ou a alumna obxecto da avaliación psicopedagóxica ou, de ser o caso, a do centro para o cal solicita praza.

O informe psicopedagóxico resultante dunha avaliación psicopedagóxica ten carácter revisable, polo que se actualizará en calquera momento da escolarización da alumna ou do alumno cando se produzan modificacións significativas da súa situación. En todo caso a avaliación psicopedagóxica e o correspondente informe psicopedagóxico revisaranse, como mínimo, ao comezo de cada etapa educativa como estipula o artigo 22 da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A xefatura do departamento de orientación informará ao profesorado titor e á nai, pai ou titores legais dos resultados e das conclusións da avaliación psicopedagóxica realizada, asemade como da proposta que se deriva desta. A tal fin, convocaranse unha reunión presencial por separado para tratar dita cuestión.

Anexo 3. Escrito de que o titor/a foi informado dos resultados da avaliación.

Anexo 4. Escrito de que a familia foi informada da avaliación.

No caso de que as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado demanden copia do informe psicopedagóxico, deberán solicitalo por escrito á dirección do centro docente. O centro docente facilitarlles copia do informe solicitado: esa entrega consignarase no rexistro oficial de saída do centro e deixarase constancia escrita da recepción por parte da persoa solicitante no expediente da alumna ou do alumno, como estipula o artigo 23 da orde do 8 de setembro de 2021.



Os informes psicopedagóxicos teñen carácter confidencial e arquivaranse o orixinal ou unha copia auténtica no expediente do alumno ou da alumna correspondente e outra no Departamento de Orientación.

As persoas que, por razón do seu cargo ou función, teñan coñecemento do contido do informe psicopedagóxico están obrigadas a gardar o correspondente sexilo, conforme o establecido no artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril.

Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica o alumno poderá recibir medidas de atención ordinarias como apoios docentes ou medidas extraordinarias como as adaptacións curriculares se existise un desfase curricular importante.

Cando un alumno presente NEAE e necesite apoios especializado de PT ou AL serán flexibles, e pode ser modificados ó longo do curso en función da evolución do neno ou da nena e do número de alumnos e alumnas obxecto de medidas extraordinarias.

No establecemento dos apoios de PT e AL a xefatura do departamento de orientación fará unha proposta de distribución da docencia deste profesorado á xefatura de estudos para ser autorizada pola dirección do centro. En canto ao horario do coidador, o equipo directivo do centro será o responsable de organizalo co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

É fundamental a coordinación entre todos os profesionais implicados na intervención con alumnos de NEAE.

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN:

No establecido na ORDE 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de setembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece no artigo 58 a flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil e educación primaria.

Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas

especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

Con respecto a redución do período de escolarización para o alumnado con altas capacidades intelectuais considéranse as seguintes flexibilizacións:

Na etapa de infantil redución dun ano escolar para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais; poderá comezar a educación primaria no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade.

Na etapa de educación primaria; redución dun ano escolar, independentemente de que se reducise ou non a súa permanencia en educación infantil, para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais. Esta redución afectará, con carácter xeral, o segundo curso do ciclo, de xeito que o alumnado que reduce a duración do período de escolarización poida realizar o novo ciclo completo, comezándoo no seu primeiro curso, e non afectará, con ese mesmo carácter, o derradeiro curso da etapa.

Por ampliación da duración do período de escolarización considéranse as seguintes flexibilizacións:

Na etapa de infantil ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esa ampliación se produza no primeiro ciclo de educación infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo.

Na etapa de educación primaria poderase ampliar un curso escolar ao alumno con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar, A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa.

Unha segunda ampliación extraordinaria dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais escolarizado a tempo completo unha unidade de educación especial escolarizado a tempo completo unha unidade de educación especial ou nun centro de educación especial, sen que poida permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar.

O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso realizarase un “Plan específico de reforzo”. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

MODALIDADES DE ESCOLARIZACIÓN.

Na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 27 estipula que entre as modalidades de escolarización considéranse a escolarización en centros docentes ordinarios, a escolarización en centros docentes ordinarios de escolarización preferente, a escolarización en unidades de educación especial nos centros docentes ordinarios, a escolarización en centros de educación especial e a escolarización combinada entre un centro docente ordinario e unha unidade de educación especial ou un centro de educación especial.

5.Determinación dos criterios para a organización, optimización, e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de PT e AL e de ser o caso, doutros profesionais específicos, será realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos para ser autorizada pola dirección do centro.

En función dos recursos do centro determinaremos as medidas a adoptar e os apoios das especialistas serán priorizados do seguinte xeito:

- En primeiro lugar atenderase ao alumnado que presente NEAE, tanto polas especialistas de PT como de AL (con informe EOE ou do DO).
- Pedagogía Terapéutica: No caso de quedar con horario dispoñible, a mestra de PT atenderá en segundo lugar a outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) coa seguinte orde de prioridade:
 - alumnado con retraso madurativo.

- alumnado con trastornos de atención ou da aprendizaxe.
 - alumnado con descoñecemento da lingua de aprendizaxe.
 - Alumnado de vulnerabilidade socioeducativa.
 - alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo (procedente do estranxeiro). Na atención ao alumnado procedente do estranxeiro: valórase como necesario priorizar o apoio ao alumnado que descoñeza o castelán, o galego, ou ámbolos dous idiomas na Etapa de Educación Primaria.
 - dificultades por condicións persoais ou de historia escolar.
 - alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Audición e Linguaxe: No caso de quedar con horario dispoñible a prioridade estará determinada polo tipo de problemas que presente o alumnado con NEAE, na seguinte orde:
- problemas de comunicación
 - problemas da linguaxe
 - dificultades relacionadas coa fala. Neste caso priorizaranse ao alumnado de maior idade.
- Reunións semanais para facer seguimento polos especialistas de PT e AL de cada un/unha dos alumnos/as atendidos. Ao finalizar o curso escolar, elaborárase un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio e que figurará unha copia no expediente do alumno e outra copia no departamento de orientación.

Asemade, ao comezo do curso, elaborarán os programas de intervención para o alumnado que atenden, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área e baixo a orientación e o asesoramento da xefa do departamento de orientación.

A atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá

exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia.

No tocante aos apoios por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria reseñar que o desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario.

Porén, en determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área contará coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actuará como un apoio xeral ao conxunto da aula.

A determinación dos grupos susceptibles de recibir este apoio dentro do contexto da aula ordinario así como determinación do tipo do mesmo será realizado pola xefatura de estudos en colaboración coa xefatura do DO. Para decidilo valorarán como circunstancias a favor do apoio:

- número de alumnos/as con NEAE no grupo aula.
- número de alumnos/as que presentan dificultades e non poden recibir outras medidas.
- número de alumnos/as con materias pendentes.
- número de alumnos/as que non promocionaron.

Outras orientacións sobre medidas organizativas e apoios:

- Distribuiremos as sesións de apoio ao longo da semana de maneira equilibrada.
- Propiciar que o número de profesionais que incidan nun aula-grupo sexa o menor posible para facilitar a coordinación dos mesmos.
- Propiciar que os apoios sexan o máis estables posibles tendo en conta as características de cada caso, tanto no referente aos profesionais participantes como á temporalización dos mesmos.
- Os apoios non se levarán a cabo en horas das especialidades (Educación Física, Música, Relixión ou Inglés), agás casos puntuais e debidamente xustificadas.



6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro.

A atención á diversidade do alumnado, ordinaria e específica, é responsabilidade de todo o profesorado do centro. Todos están implicados, aportando cada un a súa visión e capacitación profesional complementaria, tanto nos niveis de planificación e organización como na posta en práctica das medidas que, no seu caso se propoñan. Dar resposta ás diferenzas individuais implica a coordinación de todos os recursos humanos existentes no centro.

Concreción das actuacións dos distintos profesionais do centro.

- **Por parte dos equipos directivos:** correspóndelle a consideración da atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricular do centro, a distribución e a organización equitativa dos recursos, a promoción da convivencia e a realización do seguimento e avaliación dos proxectos, plan e programas así como de ser o caso a propostas de melloras que correspondan.
- **Por parte do profesorado titor/a:** a organización da avaliación inicial do alumnado a coordinación dos procesos de ensino e de aprendizaxe, o intercambio de información co resto do equipo docentes e coas familias e a solicitude de intervención da á xefatura do departamento de orientación.
- **Por parte do profesorado especialista na materia:** correspóndelle a colaboración co profesorado titor e coa xefatura do DO na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensinanza aprendizaxe, a utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia, e informar ao titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativa do alumnado que atende e coordinarse co profesorado titor.
- **Por parte dos servizos de orientación educativa:** asesoramento de toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención a diversidade, a atención das demandas de intervención mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos, a información a todas as persoas afectadas dos resultados das súas intervencións e das acción que figuren no informe psicopedagóxico, promover a participación

das familias na avaliación psicopedagóxica e a coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado.

- **En relación aos pais, nais ou titores legais:** as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado considéranse un recurso imprescindible no que representa o desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas, polo que deberán colaborar na promoción da súa autonomía, do seu esforzo, da súa autoestima, do seu autoconcepto, da súa participación social, da súa vida en convivencia democrática e de todo o que contribúa ao seu desenvolvemento harmónico. Igualmente, colaborarán nos procesos de avaliación inicial e da avaliación psicopedagóxica, cando sexan requiridas.
- **Mecanismos de coordinación de Servizo de Inspección Educativa:** asesoramento e información dentro das súas competencias.
- **Reunións con outras entidades externas** coas autorizacións pertinentes das familias. CHUAC, Servizo de Menores, ONG, Centro de EE con alumnado de combinada, ASPANAES, asuntos sociais entre outras.
- **Coordinación co IES adscrito “Urbano Lugrís” (IES adscrito)** e con outros IES se as familias non optan pola opción anterior.

Fomentarase a coordinación e realizárase o asesoramento oportuno e a orientación en función das necesidades atopadas, a través de toda a comunidade educativa.

7.Mecanismos de coordinación e colaboración internos así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscripción.

Os mecanismos de coordinación e colaboración internos son os seguintes:

- Reunións de etapa.
- Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Reunións mensuais do Departamento de Orientación, realizárase despois das reunións programadas da CCP.
- Reunións semanais do Departamento de Orientación (orientadora e profesorado especialista de PT e AL).
- Reunións do Claustro de profesores.
- Reunións do Consello Escolar.

- Reunións de tutoría con pais/nais/ tutores legais.
- Reunións dos diversos equipos de profesores do centro: Biblioteca escolar, Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega, Equipo de actividades Complementarias e Extraescolares.

8. Canles de colaboración coas nais, pais ou tutores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ó centro.

Baixo un compromiso de asesoramento e colaboración, dende o centro educativo promoveranse a participación das familias na vida do propio centro, establecendo os espazos e os modos desa participación. Estes aspectos concretaranse nas normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC).

Toda a información referente ao alumnado é información confidencial polo que só pode ser trasladada á familia ou co consentimento expreso desta.

Considérase a función titorial do profesorado como o aspecto con maior potencial para a integración das familias na práctica educativa. En consecuencia, o centro promoverá as medidas que corresponda para que as nais, os pais ou as persoas titoras legais reciban información e asesoramento sobre o seu labor educativo, sobre a comunicación co profesorado e sobre a súa participación na vida do centro. Estas canles de colaboración serán:

- Reunións no centro educativo entre mestre/a titor/a e pais do alumnado (tutorías).
- Circulares informativas de carácter xeral: en formato escrito ou dixital.
- Cartas/informes solicitados ao centro polas familias para colaborar con outros servizos na valoración das necesidades educativas do alumnado.
- Contactos ou reunións con outros servizos externos coa autorización expresa da familia do alumno/a e asinado a entidade acordo de confidencialidade.
- Os informes escolares solicitados a petición da familia serán elaborados polos tutores do centro e supervisados pola Xefa do DO, unha copia

permanecerá no expediente do alumno e outra no DO na carpeta do alumno correspondente.

- O titor ou a titora do alumno/a, coa previa autorización da familia, poderá realizar un seguimento do alumno establecendo contacto co persoal externo ao colexio que o atende. Previamente se asignara un documento de confidencialidade. Hai que facer acta da reunión e no informe final do alumno rexistra a información. **ANEXO DE CONFIDENCIALIDADE.**

9. Protocolos para solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

Cando un alumno/a precise de medidas extraordinarias de atención á diversidade, o/a mestre-titor/a informará á familia da necesidade das mesmas, podendo contar coa colaboración do Departamento de Orientación, e iniciaranse as actuacións pertinentes segundo o determinado na normativa vixente.

As adaptacións curriculares (AC), ou adaptacións do currículo son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescriptivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Para a súa elaboración partírase do nivel de competencia curricular achegado polo profesorado das áreas susceptibles de adaptación. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo.

Para a elaboración da AC realízase unha reunión convocada pola xefatura de estudos, á cal asistirán o equipo docente do alumno/a e a xefatura do DO, quen redactará a acta da reunión. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidírase pola pertinencia ou non da AC e as áreas ou materias para adaptar.

A xefatura do DO revisará as AC para que se adapten ao modelo do anexo II da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa.

Formará parte do expediente do alumno/a unha copia da adaptación curricular coa autorización de Inspección educativa.

Cando un alumno necesite un reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, levarase a cabo no contexto escolar ordinario.

10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

A avaliación da concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade realizarase á finalización de cada curso escolar, por parte do departamento de orientación do centro docente. O informe desa avaliación darase a coñecer ao claustro do profesorado e entregárase á dirección do centro docente para a súa incorporación á memoria anual do centro.

Así pois, este plan xeral de atención á diversidade será avaliado ao finalizar cada curso polo departamento de orientación e elaborárase unha memoria, redactada pola xefa de departamento, na que se indiquen aquelas propostas de mellora para o vindeiro curso e que será incluída dentro da memoria do Plan de Orientación.

Seguindo as indicacións do EOE incorporáranse os plans de intervención TEA e o de ALTAS CAPACIDADES, xurdidos polo diagnóstico destas necesidades no centro, os cales aparecen nos anexos deste plan como anexo 5 e anexo 6 respectivamente e que están feitos en función dos protocolos establecidos pola Xunta de Galicia e as achegas dos EOE respectivos.

Anexo 5. Plan de intervención co alumnado TEA

Anexo 6 Plan de intervención co alumnado con altas capacidades

11. Plan de acollida para o alumnado procedente do estranxeiro.

11.1. Introducción.

A acollida é responsabilidade do Centro no seu conxunto e co profesorado do grupo no que se incorpora o novo alumno/a. Polo tanto, debemos entender o plan de acollida como un documento que regulariza a convivencia e establece cómo o centro entende que debe ser a entrada do alumnado procedente do estranxeiro.

Na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 66 que desenvolve a atención educativa ao alumnado procedente de familias estranxeiras, entendéndose por familias itinerantes aquel que, por razóns socioeconómicas da súa nai, do seu pai ou das persoas titoras legais, por ter que desprazarse entre diferentes localidades ao longo do curso escolar, está considerado, para todos os efectos, alumnado con necesidades específicas de apoio educativo polas súas condicións persoais ou da historia escolar. Os centros escolares prestarán atención especial á inclusión e á normalización do devandito alumnado e porán ao seu dispor as medidas de atención á diversidade que precisen.

No seu artigo 67 onde se desenvolve a atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar. Este alumnado poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obligatoria, participar nun grupo de adquisición de linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular se presenta, respectivamente, descoñecemento das linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular de dous cursos ou máis con respecto ao que lle corresponda pola súa idade.

A escolarización do alumnado procedente do estranxeiro realizarase segundo o procedemento establecido na normativa que regula a admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

O protocolo de actuación do proceso de acollida de alumnado de primaria procedente do estranxeiro é o seguinte: a secretaria do centro informará a orientadora para programar una entrevista inicial coa familia co fin de recopilar información. Tamén realizarase unha proba de mínimos co alumnado. En función dos resultados se consensuará entre o equipo directivo e a xefa do DO a súa escolarización no nivel correspondente.

Se se detecta que o alumno ou a alumna presentan un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderase escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso

de superar ese desfasamento. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente.

Todas as medidas educativas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro considerarán as súas necesidades e facilitarán a súa inclusión, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

Poderase valorar a formación de grupos de adquisición de linguas, como establece o artigo 68 da ORDE do 8 de setembro de 2021. Serán agrupamentos de alumnado de educación primaria e derradeiro curso de infantil que, procedendo do estranxeiro, descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia. Estes grupos teñen por finalidade o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que estea escolarizado. Este grupo de adquisición de linguas poderá ter un tempo máximo dun trimestre e o servizo territorial de Inspección Educativa poderá, logo de solicitude do centro docente, autorizar a ampliación excepcional dese período.

Do alumnado que asista a este grupo de adquisición de linguas, o titor/a informará a nai, pai ou persoas titoras legais do alumno sobre o seu progreso.

Todas as medidas educativas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro consideraran as súas necesidades e facilitarán a súa inclusión, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

As finalidades que se pretenden co Plan de acollida son as seguintes:

- A integración propia do alumnado e das súas familias na vida do centro.
- Prever dificultades de calquera tipo que poidan afectar as aprendizaxes do alumnado.
- Solventar as necesidades lingüísticas e académicas do alumnado estranxeiro.
- Enriquecemento do centro co a presenza do alumnado estranxeiro (acercamento a outras culturas e diferentes costumes e países).
- Favorecer de actitudes de respecto e aceptación ante a diversidade.

11.2. OBXETIVOS DO PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNADO ESTRANXEIRO.

Os obxectivos que prendemos no noso centro con este plan de acollida son os seguinte:

- Garantir a escolarización en condicións de igualdade do alumnado de incorporación tardía.
- Promover a interculturalidade do noso centro educativo, favorecendo un clima de comunidade, respecto e tolerancia, potenciando os valores que a multiculturalidade achega a toda a comunidade escolar.
- Atender ás necesidades comunicativas do alumnado.
- Axudar ao alumnado novo a comprender o funcionamento do centro, a que coñeza as normas, os espazos e a organización, a fin de que se integre plenamente nel, e a que se adapten aos seus compañeiros/as e aos profesores/as.
- Contribuir a que as familias perciban a escola como un lugar onde se lles facilita a súa integración, valóraselles e ofrécenselles canles para a súa participación.
- Previr as posibles dificultades de aprendizaxe do alumnado de incorporación tardía.

11.3. ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO COA FAMILIA DO ALUMNO/A ESTRANXEIRO.

1. Recollida e solicitude de documentación dende a secretaría do centro ás familia.
2. Recollida de información a través da familia e valoración inicial do alumno pola xefatura do DO.
3. Decisión consensuada pola xefatura do departamento de orientación e o equipo directivo sobre a súa incorporación a un curso determinado.
4. Integración escolar e afectiva na aula por parte do titor ou titora previo contacto coa familia: información sobre o calendario escolar, horario do centro, xustificación das faltas de asistencia, lugares de entrada e saída do alumnado, material escolar necesario, servizo de comedor, actividades complementarias e extraescolares e información sobre axudas para libros e comedor escolar entre outras.

5. Valoración da competencia curricular por parte do titor/a: valorarase o dominio do linguaxe oral e escrito nas linguas oficiais da comunidade autónoma, nivel de matemáticas.
6. O día da incorporación, será presentado polo titor/a ao grupo de clase, e tamén ao resto do profesorado. Indicará o seu nome, o país de procedencia e outros datos de interese que considere oportunos. Pode ser interesante que estes datos se acompañen dalgún mapa, especialmente en infantil e primeiros cursos de primaria. Pódese mostrar un “Cartel de Benvida” no idioma que fala o alumno/a novo/a.
7. Para facilitar o proceso de integración do alumno recen chegado, pódese valorar a titorización dun alumno/a da aula, para evitar o seu aillamento, presentar aos compañeiros/as, orientar sobre as rutinas da aula, entre outras.

11.4. TRASLADO DE INFORMACIÓN.

Cando un alumno/a chega novo ao centro dende secretaría trasladaráselle a nova incorporación ao titor/a correspondente e cando chegue o expediente doutro centro comunicaráselle para a súa revisión. Comunicarase tamén á orientadora do centro.

11.5. ELABORACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO ESTRANXEIRO.

O plan de acollida terá unha elaboración e un seguimento que será o seguinte:

1. Estará en función da normativa vixente.
2. Estará desenvolto polas achegas da comisión de coordinación pedagóxica.
3. Informarase a toda a comunidade educativa sobre o plan de acollida.
4. Aprobación do mesmo polo claustro e polo consello escolar do centro.

11.6. AVALIACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA PARA O ALUMNADO ESTRANXEIRO.

A avaliación do plan levarase a cabo en función dos resultados obtidos polo alumnado afectado polo plan e a avaliación do propio plan. O obxectivo desta avaliación

será a de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente a finais de cada curso, a súa adecuación a realidade vivida no Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto ao alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

Esta avaliación levarase a cabo nas reunións de nivel e coa posta en común na comisión de coordinación pedagóxica. As súas conclusións ou posibles modificacións se elevarán ao claustro de profesores para o seu coñecemento.

As inclusións das valoracións formarán parte da Memoria de Final de Curso, que á súa vez servirá de base para a PXA do curso seguinte.

Anexo 7. Materiais de axuda ao profesorado cara a integración do alumnado estranxeiro.

12. Plan de acollida para o alumnado ucraniano.

Nas circunstancias actuais provocadas polo conflito de Ucraína e nas que, como consecuencia, está a producirse un desprazamento moi significativo de cidadáns ucráinos, debemos dar resposta ás necesidades de integración/inclusión do alumnado que se está incorporando ao sistema educativo, tendo en conta as súas particularidades e necesidades.

É necesario, por tanto definir unha serie de medidas e actuacións que, de acordo ao dereito internacional e os mecanismos de solidariedade, así como á normativa estatal e aos plans de actuacións coordinados da Xunta de Galicia, favoreza a rápida e eficaz atención educativa a este alumnado e ás súas familias.

12.1. Marco normativo.

- Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína.

- Orde PCM/169/2022, DE 9 DE MARZO, pola que se desenvolve o procedemento para o recoñecemento da protección temporal a persoas afectadas polo conflito en Ucraína.
- A atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro está determinada no artigo 67 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. Non obstante a atención educativa as persoas procedentes de Ucraína debe ter un tratamento máis singularizado dadas as circunstancias que se están a dar nas persoas desprazadas que cheguen a Galicia.

12.2. Finalidades.

O plan de acollida para o alumnado ucraniano é un protocolo de actuacións encamiñadas a facilitar unha adaptación o máis efectiva posible ao alumnado que chegue novo ao centro escolar en aras dunha progresiva inclusión.

A incorporación do alumnado que procede do estranxeiro adoita ir precedida dunhas connotacións especiais que non se dan no caso da incorporación doutro tipo de alumnado, e moito máis do alumnado procedente dun conflito bélico. A súa chegada, fai necesario establecer medidas de atención específica axeitadas ás súas necesidades. Unha delas consiste en axustar a acollida que se lle vai dispensar. De que estas medidas sexan adecuadas, comezando polo Plan de Acollida, dependerá que este alumnado acade rapidamente unha boa inclusión escolar e que, non menos importante, os demais se enriquezan co coñecemento de novas culturas e costumes, e aprendan na convivencia os valores da tolerancia e respecto mutuo.

No plan de acollida para o alumnado ucraniano, deberanse implicar a tódolos membros da comunidade educativa e aplicarse en tódalas etapas educativas.

12.3. Xustificación e obxectivos.

A experiencia previa de diferentes centros educativos de Galicia, con alumnado de incorporación tardía, procedente do estranxeiro, pode ser un punto de referencia para

desenvolver prácticas de acollida que se xeneralicen para esta e outras situacións que son cada vez máis comúns. É necesario tomar conciencia da importancia de que este alumnado, e as súas familias, reciban unha atención especial para acadar a súa plena inclusión, tanto escolar como social e, por suposto, persoal e de benestar emocional.

Máis para cumprir este obxectivo é preciso levar a cabo medidas eficaces encamiñadas ao seu logro. Trátase, obviamente, de alumnado con NEAE, derivadas nuns casos do descoñecemento total dun ou dos dous idiomas oficiais de Galicia aínda que non pode descartarse que nalgún caso exista tamén un desfase na súa competencia curricular con relación á súa idade cronolóxica. Pero tamén de alumnado con necesidades emocionais relacionadas con vivencias dramáticas de destrución e por tanto con maior risco de sufrimento emocional.

Dentro das primeiras medidas de atención unha con carácter prioritario é contar cun Plan de Acollida ou Axuda Específica para todo o alumnado, plan que non se limitará só ao momento da súa chegada ao centro educativo, senón que se estenderá, dadas as circunstancias, a todo o período de escolarización.

Obxectivos:

- Facilitarlle ao novo alumnado e ás súas familias o coñecemento do centro e do seu funcionamento, favorecendo a inclusión na súa dinámica e a súa participación.
- Fomentar o clima de benestar persoal, especialmente neste alumnado e as súas familias, pero tamén de xeito colectivo, na Comunidade Educativa, para afrontar conxuntamente o sufrimento, derivado dunha situación tan adversa, e construír a inclusión e convivencia positiva en compromiso cos valores democráticos.
- Propiciar actitudes positivas de acollida por parte de toda a comunidade escolar cara ao alumnado de incorporación tardía e as súas familias.
- Contribuír a que as familias desprazadas perciban a escola como un lugar onde se lles facilita a súa inclusión, dándolles importancia á súa cultura e ofrecéndolles canles para a súa participación.
- Proporcionar ao alumnado materiais didácticos que faciliten a atención á diversidade e a convivencia entre persoas, promovendo actitudes e

comportamentos positivos que eviten a discriminación por razón da cultura de procedencia, nivel cultural e/ou económico, sexo, relixión, etc..

- Asumir como centro o deseño e posta en práctica das medidas educativas específicas que precisa o alumnado procedente do estranxeiro, dando resposta da forma máis axeitada ás súas necesidades.
- Facilitarlle ao alumnado que se incorpore ao noso centro materiais didácticos que faciliten a aprendizaxe dos idiomas oficiais de Galicia.
- Actuar de xeito coordinado co resto dos axentes sociais para unha atención integral.

12.4. Desenvolvemento do plan.

Atendendo ao disposto na Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína e recollendo que “... o recoñecemento da protección temporal a persoas afectadas polo conflito en Ucraína, recolle medidas específicas sobre o réxime de protección temporal a este colectivo de xeito que se garanta a mellor atención de xeito rápido e eficaz e de acordo á súa realidade persoal e social nas especiais circunstancias nas que se atopan...”

Establécese unha proposta de acollida temporalizada, en catro momentos:

1º Momento: de achegamento ao centro educativo e ao sistema educativo. Trámites iniciais. Facilitar o modelo de escolarización ordinaria, cumprimentar e tramitala. Información do centro e dos recursos.

2º Momento: de recepción e valoración inicial. Recepción do alumno e da familia: entrevista inicial. Valoración do alumno e establecemento do nivel de escolarización.

3º Momento: de preparación, recepción e acollida no centro e aula. Notificación ao titor e ao profesorado do grupo e preparación da acollida co grupo. Crear redes de comunicación coas familias.

4º Momento de seguimento: Seguimento da adaptación e das barreiras contextuais para a inclusión do novo alumnado, comunicación coa familia, profesorado alumno e titor/a. Seguimento do desenvolvemento integral e de necesidades básicas.

Contarase con recursos de interese e apoio que irán actualizándose e que se poden atopar no seguinte enlace:
<https://www.edu.xunta.gal/portal/ucraina>.

12.5. Seguimento e avaliación do plan.

O seguimento deste plan realizarase analizando o proceso de adaptación integración e inclusión do alumnado nos ámbitos emocionais, comunicativos e sociais e, de ser o caso curriculares.

A avaliación do cumprimento dos obxectivos do plan de acollida e, do desenvolvemento das distintas actuacións, realizarase a partir das valoracións do claustro de profesorado, especialmente do que participe no proceso, e do resto da Comunidade Educativa. Recollerase na memoria final do centro unha análise da idoneidade do Plan de Acollida e de novas achegas, así como propostas de mellora.

Anexo 8. Orientacións básicas para o profesorado que conta con alumnado ucraniano.

Anexo 9. Canles de axuda para o alumnado ucraniano.

13. ANEXOS.

Anexo 1. Solicitud de intervención por parte do titor/a

PROTOCOLO DE DERIVACIÓN

Nome do titor/a:..... Curso.....

Motivo da demanda

.....

Data da demanda.....

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO ALUMNO/A:

Nome e apelidos.....

Data de nacemento..... Idade.....

Enderezo..... Teléfono.....

Nome do pai/titor..... Nome da nai/titora.....

DATOS DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR

Número de irmáns..... Lugar que ocupa..... Familiares que
conviven na casa.....

Grao de relación familia-titor/a escola.....

.....

DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE: (citar significativos do seu desenvolvemento,
problemas de saúde, enfermidades, informes médicos...)

.....

.....

.....

.

DATOS PSICOSOCIAIS: (rasgos de personalidade, integración no grupo, participación en clase...)

.....
.....
.....

DATOS PSICOCIAIS. (rasgos de personalidade, integración no grupo, participación na clase)

.....
.....

DATOS DA SÚA ESCOLARIZACIÓN:

Data de ingreso no centro..... Nivel/curso Centros nos que estivo escolarizado anteriormente Repetiu cursos? (de ser o caso indicar cal)

Promocionou con áreas suspensas? (de ser o indicar cal)9

Recibiu ou recibe algún tipo de apoio externo (indicar en que consiste ou consistiu)

Medidas de atención á diversidade

.....

DATOS DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.

Areas nas que presenta dificultade.....

.....

.....

Nivel de competencia curricular

.....

.....

TECNICAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS:

Linguaxe oral: expresivo(articulación, fluidez) e comprensión.....

.....
.....
.....

**Lectoescritura: erros na lectura e /ou escritura (substitucións, omisións...)
vocabulario, expresión e comprensión escrita, velocidade e comprensión lectora**

.....
.....
.....
.....
.....

Cálculo e resolución de problemas:

.....
.....
.....

Outras dificultades: (técnicas e hábitos de traballo, actitude ante as tarefas e exames.....)

.....
.....
.....
.....

ACCÍONS DESENVOLVIDAS PARA CORREXIR O PROBLEMA (marcar a que corresponda:

- ◆ Contacto co titor/a anterior.
- ◆ Entrevista individual co alumno/a.
- ◆ Axustes na programación

- ◆ Preparación de material adaptado
- ◆ Outras medidas e especificar cales.....
- ◆ Contacto cos pais, nais ou titores legais.
- ◆ Avaliación inicial para partir do seu nivel de competencia curricular
- ◆ Reforzo educativo.
- ◆ Outras.....

OBSERVACIÓNS: (información da reunión mantida cos especialistas que atenden ao alumno/a)

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Asdo. Titor/a



Anexo 2. Permiso por escrito da familia oi titores legais para realizar a avaliación psicopedagóxica.

Comunicámoslles que o seu

fillo/a: _____

Será valorado/a polo/a orientador/a do centro educativo para detectar posibles necesidades educativas que poida presentar, así como polo Equipo de Orientación Específico, se fose necesario.

Esperamos a súa colaboración e pregámoslles que devolvan o titor/titora a AUTORIZACIÓN asinada.

D/D^a _____

Pai/Nai/Titor/Titora legal

de _____

A Coruña, _____ de _____ de 202__
Legal

Asinado: Pai/Nai/Titor/a/Representante



Anexo 3. Escrito de que do titor/a foi informado dos resultados da avaliación.

REUNIÓN Departamento de Orientación	Día ____ / ____ / ____	Hora Inicio: ____ / ____
		Hora Fin: ____ / ____
Participantes		
Asuntos Tratados		
Acordos Adoptados		

Asdo: Xefa DO

Asdo: Titor/a

Asdo: AL/PT

Asdo: familia



Anexo 4. Escrito da familia de que foi informada dos resultados da avaliación psicopedagóxica.

REUNIÓN Departamento de Orientación	Día ____ / ____ / ____	Hora Inicio: ____ / ____
		Hora Fin: ____ / ____
Participantes		
Asuntos Tratados		
Acordos Adoptados		

Asdo: Xefa DO

Asdo: Titor/a



Anexo 5: PLAN DE INTERVENCIÓN ALUMNADO TEA.

1. Datos persoais do alumno e indicacións do EOE.

2. Intervención educativa.

2.1. Pautas para levar a cabo a titora na aula e os especialistas.

- Colocación na aula preto das fontes de información e evitando distraccións.
- Uso dun horario individual onde figuren, de forma visual, as áreas ou materias e quen as imparte.
- Axenda de coordinación coa familia.
- Apoio visual a través de imaxes reais que clarifique as explicacións.
- Uso de pautas comúns para todos os profesionais.
- Reforzamento positivo para fomentar a súa autoestima.

2.2. Pautas para a aula.

A aula é un espazo para a intervención educativa para favorecer a atención dentro da mesma debe considerarse as seguintes orientacións.

- a) Ambiente estruturado, predecible e fixo onde o neno saiba en todo momento o que vai a contecer.
- b) As estratexias educativas deben potenciar o máximo a autonomía persoal.
- c) Se fose preciso crearase un espazo fixo libre de distraccións para realizar as tarefas.
- d) Axuda permanente de elementos visuais comprensibles recomendándose o uso de fotos reais e incorporación progresiva ao uso do sistema pictográfico.
- e) Promoción de valores de convivencia, comprensión e respecto polas diferenzas e colaboración no grupo clase.

- f) Utilización de estratexias baseadas na aprendizaxe sen erro, motivadoras e que eviten a dependencia excesiva.
- g) Redución ao eliminación dos elementos de distracción, procurando un ambiente de traballo que facilite a concentración.
- h) Utilización dunha linguaxe clara, precisa e sen uso de dobres sentidos.
- i) Axuda permanente por parte do titor na organización das tarefas que se leven a cabo na aula e na casa así como reflectir cousas importantes que fixo o neno na clase ou na casa ou comportamentos ou acontecementos que van a influir no día.
- j) Debese presentar a tarefa unha vez que se capta a atención do alumno.
- k) Desenvolvemento das actividades en pequenos ítem con apoio visuais que informen dos pasos que cómpre dar en cada tarefa.
- l) Uso de sinais acústicos e visuais para estruturar os tempos na aula (por exemplo momento de traballo, momento de descanso, momento de patio, momento de asemblea....)

2.3. Pautas para o alumno.

- **Ámbito conductual e de socialización.**

Iniciarse na comprensión de situacións sociais

Establecemento de relacións

Comprensión e regulación emocional

Comprensión de regras sociais como lavarse as mans, estar na fila...

Xogo e simbolización, búscase favorecer os diferentes estadios de xogo como exploración de obxectos.

Saber esperar controlando a frustración.

Imitación: reproducir de forma exacta ou moi semellante determinada cousa ou característica.

- **Comunicación e linguaxe.**

Fomentar a intención comunicativa e iniciar a interacción co adulto para comunicar ou compartir algo.

Estimular a linguaxe oral a través do xogo, con onomatopeias, cancións e o saúdo todas as manás na assemblea.

Favorecer o contacto ocular: forma de comunicación no verbal de grande impacto sobre o comportamento social

Sinalar: indicar ou chamar a atención sobre unha cousa o persona dirixindo o dedo hacia ela.

Atención conxunta: habilidade para compartir atención con outra persona mentres ambos estén prestando atención ao mesmo obxecto

Xestos comunicativos: xestos naturais e instrumentais como protoimperativos e protodeclarativos.

Estimular a produción de sonidos con intención comunicativa: sirven para pedir ou rechazar algo ou incluso para expresar un estado de ánimo como por exemplo alegría, tristura...

- **Ámbito cognitivo.**

Seguimento visual: controlar correctamente os movementos dos ollos para seguir un ítem.

Discriminación de obxectos.

Esquema corporal: unha imaxe mental que temos sobre o noso corpo e as súas diferentes partes e sobre todo os movementos que podemos facer ou non con él.

Discriminación de obxectos

Igualación sensorial como asociar texturas, olores sonidos, sabores, imaxes iguais...

- **Ámbito psicomotor.**

Inicialo no esquema corporal, coordinación dinámica xeral, equilibrio...

- **Habilidades de autonomía.**

Establecemento de rutinas para anticipar o que vai a pasar.

Descomposición da rutina en pequenos pasos.

Utilización de estratexias de aprendizaxe.

2.4. Pautas para o centro.

O centro docente ten que favorecer a estruturación organizativa para favorecer a autonomía do alumno, isto se conseguirá coa identificación de espazos a través fotos e paulatinamente introducir os “pictogramas”.

Debese ir co alumno aos diferentes espazos do centro para que os vaia coñecendo.

3. Pautas para a familia.

Debemos manter un contacto directo e continuado coa familia para coñecer de primeira man a evolución e o retroceso do neno así como as estratexias de intervención que están levando a cabo co fin de unificar criterios.

A familia informará ao equipo de todos os aspectos relevantes do seu fillo e nesta comunicación entre os profesionais que traballan co neno e a familia permitirá xeneralizar as aprendizaxes.

Anexo 6: PLAN DE INTERVENCIÓN ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELLECTUAIS.

DATOS DO ALUMNO

INDICACIÓNS DO EOE

ORIENTACIÓNS PARA O CENTRO.

Plan que se incorporará ao plan xeral de atención á diversidade.

Sensibilizar ao profesorado respecto ás medidas de atención á diversidade para o alumnado de altas capacidades intelectuais.

Promover valores de solidariedade, respecto, tolerancia e colaboración.

Coordinación entre os distintos profesionais que traballan co alumno.

Facilitar o desenvolvemento das potencialidades do alumno, evitando un excesivo nivel de esixencia.

Garantir a coordinación entre a familia e o profesorado que atende ao neno así como o departamento de orientación.

ORIENTACIÓNS PARA A AULA.

A aula é un espazo por excelencia para a intervención educativa, na que se concretan as finalidades do proxecto educativo e na que ten lugar o proceso de ensinanza e aprendizaxe, nunha simbiose entre o alumno e o profesor.

Para que este proceso se desenvolva de xeito adecuado e atenda as necesidades do alumno/a con altas capacidade é necesario que o profesorado.

- Potencie o diálogo e a comunicación, dedicando tempo na aula á reflexión oral, a facer preguntas, a formular hipóteses nun ambiente de respecto e colaboración

considerando o erro como parte esencial da aprendizaxe e xerando confianza para expoñer os pensamentos e opinións, dada a diverxencia no pensamento do alumnado con altas capacidades intelectuais.

- Respecto da diversidade do alumnado.
- Fomentar un bo clima na aula, consensuando normas e pautas de comportamento, empregando estratexias de cohesión de grupos e de resolución pacífica de conflitos.
- Promover habilidades de intelixencia emocional para afrontar situación que esixan a identificación, expresión e xestión das emocións.
- Potenciar o seu rol de mediador, favorecendo que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe.
- Posibilitar o acceso ao alumnado a múltiples materiais e fontes de información.
- Impulsar proxectos que potencien a creatividade e o pensamento diverxente, así como a iniciativa emprendedora valorando positivamente o esforzo e recoñecéndoo expresamente.
- Propiciar experiencia que propicien a abordaxe de retos intelectuais complexos
- Promover a motivación intrínseca con aprendizaxes prácticas, útiles, funcionais e con impacto real no seu contorno
- Ofrezca posibilidades de éxito ao alumnado en base ao desenvolvemento das súas potencialidades.

MEDIDAS ORDINARIAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

Levaranse a cabo medidas ordinarias de enriquecemento curricular nas áreas de matemáticas e sociais, que é onde o alumno destaca na aula ordinaria co apoio da titora e co profesorado con dispoñibilidade horaria.

1. Ampliación de unidades didácticas na áreas indicadas.

2. Enriquecemento a través de recunchos ou obradoiros.

O recuncho do ordenador é unha ferramenta que utiliza todo o alumnado, dispón de páxinas web con temáticas que desperten a curiosidade sobre todo na área sociais.

3. Ampliación por proxectos.

A elaboración de proxectos e traballo cooperativo e outro tipo de traballo o alumno se sinta moi integrado no grupo clase, porque lle permite aportar os seus coñecemento ao grupo e iso fai que a súa autoestima mellore.

4. Introducción de novos contidos.

Na área que máis destaque o alumno incorporaranse contidos novos, e dicir podemos ampliar contidos en función da súa adquisición.

En xeral ditas medidas deberán ter en conta os seguintes aspectos:

- a) Adaptación da resposta educativa ao ritmo de aprendizaxe do alumno e a súa competencia curricular
- b) Facilitar o desenvolvemento da creatividade e a resolución creativa de problemas
- c) Adaptar a metodoloxía ao seu estilo cognitivo
- d) Consolidar hábitos de traballo e de estudo
- e) Coordinación coa familia.

ORIENTACIÓNS PARA AS FAMILIAS

A familia, xunto co alumnado e o profesorado, forma un dos vértices do triángulo no que se encadra o proceso educativo, polo que xoga un papel fundamental na educación dos fillos/as compre que a familia.

- i. Observe o desenvolvemento do fillo.
- ii. Información ao profesorado de cambios no comportamento.
- iii. Manteña unha relación fluída co centro, co titor e coa xefa do DO.
- iv. Ser informada dos avances do neno.
- v. Colabore no desenvolvemento académico, social e emocional do neno.
- vi. Promova o desenvolvemento das potencialidades do seu fillo evitando un excesivo nivel de esixencia e un desaxustes nas expectativas.
- vii. Responda aos intereses do fillo no seu afán de coñecemento, favorecendo un ambiente cheo de estímulos en función aos intereses que amosa.
- viii. Fomente a autonomía do neno
- ix. Promova valores de solidariedade, respecto, tolerancia e colaboración evitando comparacións.

- x. Favorecer o desenvolvemento integral do neno.
- xi. Valore o esforzo e a constancia, recoñecendo o traballo ben feito.
- xii. Colaboración co profesorado e co resto da comunidade educativa no proceso de inclusión.

ANEXO 7. Materiais de axuda ao profesorado cara a integración do alumnado estranxeiro

ALUMNADO ESTRANXEIRO.

- **PARA CIUDADANOS Y CIUDADANAS DEL MUNDO.**

http://primerodecarlos.com/ATAL/Material%20Para%20ciudadanos%20y%20ciudadanas%20del%20mundo/ciudadanos-as_mundo.pdf

http://primerodecarlos.com/ATAL/Material%20Para%20ciudadanos%20y%20ciudadanas%20del%20mundo/material_auxiliar.pdf

http://primerodecarlos.com/ATAL/Material%20Para%20ciudadanos%20y%20ciudadanas%20del%20mundo/presentasin_mat_aux.pdf

- **Vine-VEN.**

http://www.cult.gva.es/dgoiepl/Inmigracion/index_cast.htm

Materiales didácticos para la atención educativa del alumnado inmigrante. Comunidad Valenciana.

Incluye un curso interactivo para el aprendizaje del español.

- **UDICOM**

www.educarm.net/udicom/

“UDICOM”: Unidades didácticas para alumnos de Educación Infantil y Primaria (inmigrantes)

creadas por un CPR de Murcia. Material imprimible, en formato PDF, que incluye actividades para la evaluación inicial del alumnado (área de Lengua y de Matemáticas)

- **DICCIONARIO MULTIMEDIA. Junta de Castilla – León.**

http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/zonaalumnos/tkContent;jsessionid=c0a80202ce51920455d7bc543519c10de00390cbfe0.mlbQp6eMahCNaN0LcybtahyM-x4Qc2SM-x8lmxmLnAeLAnwc3uPnxaLc6mlhuKa30xmRjGr7jMmkzvqMTvqRnGn38L8N4Ob3yTahuPaN8xf2bCpQPz8QfznA5Pp7ftolbGmkTy?idContent=3524&locale=es_ES&textOnly=false (Español, francés e inglés) con el sonido y la grafía correspondiente a términos de uso común relacionados con el colegio, la comida, los animales, partes del cuerpo, etc.

- **ESPAÑOL PARA TI**

www.aulaintercultural.org/article.php3?id_article=46

Es un trabajo realizado por el grupo "Educación intercultural, atención educativa al alumnado inmigrante" del Centro de Profesorado de El Ejido y publicado por la Consejería de Educación y Ciencia de la Junta de Andalucía (Dirección Provincial de Almería).

- **CENTRO VIRTUAL CERVANTES**

www.cvc.cervantes.es/aula

Centro virtual del Instituto Cervantes. Dentro de esta página destaca Aula, con recursos didácticos para el profesor de español, juegos y pasatiempos por niveles, en distintos apartados:

- Didacticeca (archivo de actividades), material didáctico con un índice de secciones y apartados
- Otros materiales didácticos: material interactivo para trabajar el vocabulario en diversos niveles.
- Historias de debajo de la luna: Lecturas con explotación didáctica.16

- **MI MUNDO EN PALABRAS:**

<http://cvc.cervantes.es/aula/mimundo/>

Material interactivo para aprender vocabulario de un modo lúdico, diseñado para niños de 7 a 9 años que empiezan a estudiar español.

- **MATERIAIS INTERACTIVOS**

"Materiales interactivos para trabajar la cultura gitana". MAJ KHETANE. (CD disponibles en los centros. Primaria y ESO)

"Materiales para una acción educativa intercultural Vivamos la diversidad". Los libros de la catarata. 1998.

- **PÁXINAS WEB**

1. Magreb <http://www.edualter.org/material/vld/magrib.htm>
2. África Subsahariana <http://www.edualter.org/material/vld/africa.htm>
3. Centro y Sud-américa <http://www.edualter.org/material/vld/amllat.htm>

4. Pueblo Gitano <http://www.edualter.org/material/vld/gitanos.htm>

- ACTIVIDADES DE CLIC: Para funcionar tendrás que descargar Clic 3.0 no ordenador, o atoparás en:

<http://www.xtec.es/recursos/clic/esp/info/download.htm>

_ Historia del pueblo gitano. Actividades de CLIC que se pueden descargar desta páxina :

<http://www.xtec.es/recursos/clic/esp/act/soci/act71.htm>

_ El Islam explicado a nuestros hijos, Tahar Ben Jelloun, Ed. RBA Libros:

_ El Islam explicado a los niños. Juegos y actividades para fomentar la convivencia. Gunther, Sybille

(Adecuado para Ed. Infantil y primer ciclo de Primaria).

_ Testimonios de migrantes. BBC mundo:

<http://news.bbc.co.uk/hi/spanish/specials/2004/emigracion/default.stm>.

_ "La inmigración explicada a mi hija". Sami Nair, Ed. DeBolsillo. Plaza y Janés.

_ Enlaces sobre los diferentes países hispano hablantes:

http://lang.rice.edu/janv/Paises_links/Paises_links.html

- **CONTOS DO MUNDO**

Proyecto "Cuentos de todos los colores" Asociación de Enseñantes con Gitanos.

<http://www.pangea.org/aecgit/boletines/boletin13-recursos8.htm>

Selecciones bibliográficas para Primaria y Secundaria realizadas por la Fundación Germán

Sánchez Ruipérez. <http://www.fundaciongsr.es/guias/seleccion.htm>

De aquí y de allí. Relatos de diferentes culturas. Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Página

web <http://www.fundaciongsr.es/pdfs/salamanca/ida/deaqui.PDF>

- **CONTOS DE FALA HISPANA.**

1. El libro de los cuentos del mundo <http://www.waece.org/cuentos/>

2. Proyecto Sherezade: <http://home.cc.umanitoba.ca/~fernand4/index.html#anchor206411>

3. Cuentos tradicionales de algunas culturas.: - Taller de cuentos

http://www.aulaintercultural.org/rubrique.php3?id_rubrique=14

<http://www.xtec.es/recursos/cultura/contes.htm>

- Historias de debajo de la luna, Centro Virtual Cervantes. <http://cvc.cervantes.es/aula/luna/>

(provenientes de personas de distintas nacionalidades que viven en España)

El viaje de Ana. Historias de migración contadas por jóvenes. En la web del Consejo de la Juventud de España. <http://www.cje.org/publicaciones.nsf/docs/5EDD3PISAZ!opendocument>

- **XOGOS DO MUNDO17**

800 JOCS INFANTILS d'arreu del món Puede descargarse- también en castellano una base de datos con juegos de todo el mundo en la web: <http://www.xtec.es/—rbadia/index2.htm>

Jóvenes por la igualdad. <http://www.joves.org/jocs.html>_ FORUM Barcelona.

<http://www.barcelona2004.org/esp/eventos/juegos/mancala.htm>

_ Ludoteca. http://www.aulaintercultural.org/rubrique.php3?id_rubrique=1

VVAA "Juegos de todas las culturas". Juegos, danzas, música... intercultural. INDE Publicaciones 2002

La rueda intercultural. Juego de tablero sobre la cultura gitana. <http://www.aulazerova.org/juego.html>

El camino de las estrellas, actividad avanzada de español como 2ª lengua.

<http://www.ucm.es/info/especulo/ele/xacobeo.html>

Jóvenes del mundo. Programa de comunicación internacional/intercultural:

<http://www.joves.org/Ojdm8.htm>

_ El planisferio de Peters. Un mapa para un mundo solidario: información y actividades en las páginas

<http://www.jimena.com/mapas/Peters.htm> <http://solidaries.org/monografic/mapa/>

_ Descubre el Sur (Guía para educación primaria). Ayuda en Acción:

<http://www.ayudaenaccion.org/contenidos/documentos/Descubreelsur.pdf>

- **HABILIDADES DE INTERACCIÓN SOCIAL Y CONVIVENCIA**

"Programa de Competencia Social" Manuel Segura Morales. Editado por algunas Consejerías de

Educación (Canarias, Cataluña...). Puede encontrarse información en Cuadernos de Pedagogía. N 2 324, mayo de 2003.

"Somos protagonistas de nuestro mundo", Alboan ONGD. <http://www.alboan.org/> (Áreas de trabajo /Educación en solidaridad / Materiales / Unidades didácticas)

Programa "A todo color", FERE Madrid <http://www3.planalfa.es/feremadrid/publi-atc.htm>

Módulo "Aprender a vivir juntos en la escuela", Junta de Andalucía. Puede descargarse en la página Web <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/publicaciones/55321/libpril6.pdf>

- **OUTROS RECURSOS COMPLEMENTARIOS.**

Materiales sobre cine y valores. Seminario Permanente de Educación para la Paz de Badalona (SPEB),

Se encuentran en la página web: <http://www.edualter.org/material/intcine/indexe.htm>

Racismo e Interculturalidad. Diversos recursos didácticos en las páginas web:

<http://www.fuhem.es/CIP/EDUCA/portada.htm> <http://www.pangea.org/directori/indexes.html>

Un mundo lleno de colores: Reflexiones y actividades en el día internacional contra el racismo. Plan andaluz de educación para la cultura de la paz.

<http://www.juntadeandalucia.es/educacionyciencia/dgoes/scripts/INTERES/PAZ/pizarra1.pdf>

"El racismo explicado a mi hija" Tahar Ben Jelloun Ed. Alfaguara.

European Commission against Racism and Intolerance. Experiencias e recursos educativos en

inglés e francés en la web: http://www.coe.int/T/E/human_rights/Ecri/3-Educational_resources/

- **ACTIVIDADES DE CLIC.** Poden descargarse nas páxinas:

1- Educar para a solidaridade- I:

<http://www.xtec.es/recursos/clic/esp/act/soci/act64.htm>

2- Educar para a solidaridade - II

<http://www.xtec.es/recursos/clic/esp/act/soci/act89.htm>

3- Conto para a tolerancia (Infantil / Primaria 1º)

<http://www.xtec.es/recursos/clic/esp/act/soci/act56.htm> Para que funcionen as actividades e necesario instalar previamente o programa Clic 3.0 dende a página:

<http://www.xtec.es/recursos/clic/esp/info/download.htm>

Aprender a vivir juntos en la escuela. Módulos didácticos para o 1º ciclo de Ed. Primaria. Junta

de Andalucía: <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/publicaciones/55321/libpril6.pdf> descargarse

Educación para a convivencia e para a paz. José Luis Zurbano Díaz de Cerio. Libros formato PDF:18

Primaria http://www.pnte.cfnavarra.es/publicaciones/pdf/conv_pri.pdf

Infantil http://www.pnte.cfnavarra.es/publicaciones/pdf/conv_inf.pdf

Educación para a tolerancia e a comunicación entre culturas. Fundación Secretariado General Gitano.

Diversas propuestas didácticas en la web <http://www.fsgg.org/>

"Educar para la convivencia" Proyecto de investigación, Junta de Andalucía .Página web:

http://www.juntadeandalucia.es/averroes/publicaciones/valores/educar_convivencia.pdf

iCon ése no quiero jugar!. Cómo tratar el rechazo y la discriminación. (Actividades para Educación

Infantil) Heike Baum,. Ed. Paidós

- **A CONVIVENCIA ESCOLAR:**

<http://www.juntadeandalucia.es/averroes/publicaciones/valores/convivencia.pdf> Junta de Andalucía:

MECD http://www.cnice.mecd.es/recursos2/convivencia_escolar/index.html

Materiales de apoio para Educación de la Convivencia. Na páxina web do Ministerio de Educación doGobierno de Chile http://www.mineduc.cl/convivencia/materiales_apoyo.htm

“Somos diferentes, somos iguales”. Unidade didáctica Madrid. U.E.Compensatoria

Pódese descargar en <http://www.orientared.com/archivos/iguadif.pdf>

- **OUTROS PROGRAMAS DE INTERESE:**

- "Mediación de Conflictos en Instituciones Educativas", Juan Carlos Tórrego Editorial Narcea

- “Educación intercultural. Análisis y resolución de conflictos”. Colectivo Amani

- **ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DIVERSAS:**

"La alternativa del juego", Paco Cascón y Carlos Beristain, Ed. Los libros de la catarata.

Juegos para la Cooperación y la Paz, Antonio Vicent. Na páxina web:

http://www.ctv.es/USERS/avicent/Juegos_paz/index.htm

Las comunidades de aprendizaje: expertas en resolución de conflictos. Nas páxinas web:

<http://www.mec.es/cesces/flecha.html>

<http://www.unirioja.es/Publicaciones/ej/contextos/con03/art04.pdf>

Negociación dos conflictos, confrontación, intercambio. Diversas propostas na páxina web de Edualter:

<http://www.edualter.org/material/comunica.htm>

<http://www.edualter.org/material/denip2004/pedagogic.htm>

<http://www.edualter.org/material/denip2004/herramientas.htm>

<http://www.sodepaz.org/conferenciadepaz/analisisconflictos.pdf>

Proyecto "Educa en la Red" del CIP: Información y documentación en las páginas web:

<http://www.fuhem.es/CIP/EDUCA/portada.htm> Colección Unidades Didácticas "Las Claves de los

Conflictos"

<http://www.fuhem.es/cip/violenc.htm> Violencia en la escuela. Programa europeo Comenius.

• **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS**

Aprendizaxe cooperativo

<http://www.concejoeducativo.org/alternat/flecha.htm>

<http://www.asees/comunicaciones/4%5B1%5D.3.3%20Lleras,%20J.%20y%20otro%20s.doc>

http://www.pnte.cfnavarra.es/publicaciones/pdf/apr_coop.pdf

<http://www.ugr.es/~ftsaez/enlaces.htm#Aprendizaje%20Cooperativo>

ANEXO 8. Orientacións básicas para o profesorado que conta con alumnado ucraniano.

1. Presentarlle as estancias do centro mediante un percorrido cos nomes das dependencias no seu idioma e en castelán.

2 Acollida na aula. Nos primeiros momentos, cando aínda temos a barreira do idioma:

2.1 Taboleiros básicos de comunicación con pictogramas, o seu nome en castelán e no idioma do alumnado de incorporación tardía sin idioma.

2.2 Presentacións a través de pictogramas: gustos, de onde vimos...

2.3 Dinámicas de cohesión co seu grupo, empregando o inglés si procede. Do mesmo xeito, podemos facer círculos restaurativos, con preguntas básicas moi sinxelas, que facilita e favorece a incorporación e adaptación ao novo entorno. Estas dinámicas poden resultar moi positivas cando as deseñamos con propostas dende a parte creativa, plástica, como a creación de formas e cores a nivel imaxinario.

3 Alumnado –acompañante.

4 Coidamos do benestar emocional do noso alumnado:

4.1 Debemos prestar especial coidado aos espazos, pois tamén poden facilitar moito cara ese apoio emocional, atendendo á creación dun espazo pedagóxico máis confortable, próximo e facilitado.

4.2 Sería desexable que puideramos habilitar en todos os centros un aula ou espazo sensorial, ou no seu defecto, un recuncho onde poidan relaxarse nos momentos de ansiedade, recollerse cando sintan estrés ou intolerancia ao ruído... Estes espazos deberían contar con auriculares para escoitar música, colchonetas para poder tirarse no chan, libros, xoguetes antiestrés, luces de cores... Moitas son as posibilidades que podemos ofrecerlles nestes espazos ou recunchos, que completarán este tempo de adaptación aos novos centros de acollida.

5. Aprendemos o idioma:

5.1 Traballamos de maneira visual con pictogramas/ imaxes reais o vocabulario básico a través de campos semánticos: casa, colexio, comida, bebida, material escolar,...

5.2 Empregamos como recursos didácticos: Aprendemos os números e os meses do ano coa data.

5.3 Empregamos fórmulas de cortesía: bos días, boas tardes, que tal estás?

5.4 Adaptamos o noso labor docente o seu nivel de competencia lingüística.

5.5 Os xogos de rol.

5.6 O departamento de orientación do centro elaborará as pautas metodolóxicas para o proceso lecto-escritor e quedarán recollidas no informe de incorporación tardía ou informe psicopedagóxico, de ser o caso.

6 Enriquecémonos co achegamento das diferentes culturas onde todos aportamos para unha inclusión efectiva e máis real. Valorando o diferente como unha riqueza cultural.

6.1 Transliteración para que o alumno/a ucraíno

6.2 Cultura: a través da arte, comidas, música.

A TER EN CONTA PARA ESCOLLER O LUGAR DO ALUMNO/A NA AULA:

- Preto do profesor ou profesora para que poida facilitarlle axuda.
- Preto do alumnado que voluntariamente exerza de titor ou titora.
- Da metade para diante da clase, nunca ao final. Evitarase tamén colocalo na primeira fila, así facilitaremos a súa participación nas actividades e a súa integración/inclusión.

ANEXO 9. Canles de axuda para o alumnado ucraiano.

- Conversa básica galego-castelán-ucraíno:

(dispoñible en <https://www.edu.xunta.gal/portal/ucraina>)

- Guía básica do sistema educativo en ucraíno .

(dispoñible en <https://www.edu.xunta.gal/portal/ucraina>)

- Benestar Emocional: Proposta de Intervención.
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/benestar_emocional_2021.pdf

